


COUSAS QUE DEBES SABER SOBRE O ...

SAMMAIN



Achégase a noite do Samaín
que se celebra o 31 de
outubro.

Samaín e Halloween son a
mesma festa, o que ocorreu foi
que os emigrantes irlandeses e
escoceses a levaron a Estados
Unidos onde tivo moito éxito e
como en EEUU hai unha
industria de cine moi potente
empezaron a facer películas
sobre este tema.

Mentres en EEUU a
festa era cada vez máis
popular, en Europa se
celebraba cada vez
menos e a piques
estivo de desaparecer.

Por sorte non foi así e a día de
hoxe podemos dicir que en
Galiza goza de moi boa saúde.

Samaín significa “fin do verán”, pois os antigos celtas celebraban nese momento a transición do verán ao inverno.



Esta celebración milenaria ten lugar cada ano, durante a noite que vai do 31 de outubro ao 1 de novembro, nunha desas datas nas que se conta que é máis fácil transitar entre dous mundos: o dos vivos e o dos mortos.



Os pobos celtas consideraban que o ano estaba dividido en dúas partes: unha escura que se iniciaba na noite do Samaín, e unha clara que se iniciaba entre o 30 de abril e o 1 de maio.



Eran os druídas os encargados de celebrar a festa celta para homenaxear aos ancestros, a través de numerosos ritos.


Contan as lendas que recollían nos bosques máis apartados, baías de visgo durante esa noite, para o que utilizaban unha foz sagrada forxada en ouro.

VISGO

Con elas preparaban apócemas e vaticinaban sobre o futuro das colleitas e da aldea.



Os druídas tamén apilaban ramas sagradas e acendían ao atardecer fogueiras en diferentes puntos do poboado para escorrentar aos malos espíritos e guiar aos defuntos no seu camiño.



Algunhas persoas cubríanse con peles de animal, máscaras, etc. para despistar aos espíritos e as pantasma, o cal daría lugar ao costume de disfrazarse que se mantén na actualidade durante tal noite.



A tradición do lume conservouse nas aldeas galegas. Durante esa noite acendíanse fogueiras que logo se utilizaban para prender as lareiras.





Moito antes de que nas hortas galegas houbera cabazas, en samaín, as poboacións celtas collían as caveiras dos seus inimigos mortos en batalla e as iluminaban con candeas para colocalas nos muros dos castros e asustar a outros posibles inimigos.



Coa aparición das cabazas comezaron a baleirarse estas para esculpir nelas caveiras que deran medo, colocando unha vela no seu interior para espantar aos malos espíritos na noite que transita entre o verán e o inverno.



As fadas os trasgos e outros seres fantásticos poden camiñar entre nós durante o Samaín, xa que está aberta a porta entre os dous mundos. Por iso, nas aldeas, pechábanse as casas e non se abría a ninguén.




Dicíase que, de atreverse a facelo, se o visitante era unha fada, a sorte bendiciría aos habitantes da casa durante todo o ano seguinte pero, se se trataba dun trasgo, a mala sorte caería irremediabilmente sobre eles.



**A Santa Compañía afunde as súas raíces nesa noite.
A comitiva de defuntos, encabezada por un vivo,
camiña en completo silencio con longos cirios que
iluminan o camiño polos que pasa.**




**Todos hanse gardar de se atopar con esta
procesión. O condeado que a guía so se verá libre
da maldición cando lle pase a testemuña de tal
desgracia a outro.**



En Galicia nesta data era habitual que non se recollera a mesa despois de cear, por se as ánimas dos falecidos acudían a visitalos durante a noite e lles aburara a fame.

Ademáis deixábase a lareira acendida para que non pasaran frío.



O Samaín chegou aos Estados Unidos dende Europa durante os séculos XVIII e XIX a causa dos numerosos emigrantes escoceses e irlandeses que partiron cara América levando con eles a súa cultura e tradicións. De aí provén o nome actual de Halloween.

O famoso “truco o trato” que tanto popularizou o Halloween americano, tamén ten a súa orixe no mundo celta.

Conta a tradición que os druídas ían na noite do 31 de outubro de casa en casa pedindo comida para adorar aos seus deuses, polo que nen sequera o que moitos consideran un costume americano o é.

